



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE MAIO, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06/05/2020).**

Dáse conta da acta da sesión anterior celebrada o 06/05/2020, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre do POS + Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.**

Dáse conta da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS +2020, aprobada pola Deputación Provincial con data 30 de abril, para regular o POS + Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 e os POS + Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles ( BOP núm. 66/20, do 5 de maio)

O importe da asignación que lle corresponde a Vedra ascende á cantidade de 32.858,88 euros, que poderá destinarse unicamente ao financiamento das prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE núm. 73, do 18 de marzo)

De acordo coas citadas bases, PROPONSE:



1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:


Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	32.858,88 €
---	-------------

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	16.000,00	5.000,00	11.000,00
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	27.000,00		27.000,00
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	40.000,00		40.000,00
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monoparentais) que contén con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>	<b>83.000,00</b>	5.000,00	78.000,00

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor.  
O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA anuncia o voto a favor do seu grupo.

Posta a votación apróbbase por unanimidade.

3º.- Acordo, se procede, sobre do POS + Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS +2020, aprobada pola Deputación Provincial con data 30 de abril, para regular o POS + Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 e os POS + Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles ( BOP núm. 66/20, do 5 de maio).

O importe asignado a este concello ascende á cantidade de 123.220,79 euros.

De acordo coas citadas bases, PROPONSE:

1º.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### A ) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	123.220,79

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

### C ) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Gastos correntes</b>	<b>123.220,79</b>		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	<b>0,00</b>	0,00	0,00
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00	0,00	0,00



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



<b>TOTAL</b>	<b>123.220,79</b>	0,00	0,00
--------------	-------------------	------	------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que votarán en contra porque unha vez máis neste tipo de plans a oposición perde totalmente o control sobre os cartos que se invisten. O grupo de goberno dedica este plan unha vez máis a gasto corrente, como o ano pasado, e aínda así o concello terminou cun déficit de 270.000 €.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o seu grupo vai votar en contra porque considera que é unha cuestión política e non existe ningunha planificación específica de obras.

Intervén a Presidencia para dicir que son decisións do equipo de goberno que poden ser criticadas , pero neste caso a decisión está baseada en que están convencidos en que vai haber unha segunda parte do POS+ complementario. O ano pasado achegaron preto de 800.000 € e aí é onde se meterán as obras que están comprometidas; polo tanto non renuncian ás obras que presupostaron, senón que só esperan á seguinte fase do POS+ para metelas.

Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.



**4º Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para a implantación dun centro de día e mini residencia xeriátrica.**

Retírase da orde do día e aprázase para a seguinte sesión plenaria.

**5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o apoio do seu grupo ás medidas adoptadas na situación de emerxencia, di que é un comentario.

2º.- Respecto a abrir a gardería para facilitar a conciliación, di que de momento non hai ningún protocolo nin orde ao respecto e espera ter un protocolo de actuación ao longo da semana.

3º.- Sobre a solicitude de varias subvencións á Deputación e Xunta de Galicia, a Presidencia di que a de Aprox Rural e Risga seguen os prazos suspendidos e agarda que se abran a partir de luns.

Nos plans da Deputación os prazos estaban suspendidos aínda que se tramitou unha emenda.

A solicitude de subvención para promoción da igualdade está en tramitación e pendente só de resolución.

O programa de voluntariado sénior maiores abriu hoxe o prazo e está pendente de resolución.

O mantemento de técnico de xestión cultural é unha prórroga que está concedida provisionalmente.

De todos os xeitos a partir do luns todos os prazos quedan abertos.

4º.- Respecto a que Deputación vén de conceder unha axuda de 32.000 € ao concello para atender as necesidades de servizos sociais, di que xa están informando nas Xuntas de portavoces de todos os luns.

5º.- Sobre obradoiro de emprego que solicitaron xunto con Boqueixón, Touro e O Pino, di que está enmarcado nas áreas de actividade de madeira e forestal coas especialidades dos certificados profesionais de actividades auxiliares e mellora de montes, repoboación forestal e tratamento silvícola. Serán catro os concellos participantes e en principio 20 alumnos,

6º.- Respecto de cando ten que estar resolto o concurso para a adxudicación do servizo da gardería, di que quedan uns flocos nas bases e irán á sesión plenaria de xuño. Por outro lado o do SAF, teñen a intención de licitar cara finais de ano.

7º.- Respecto á adquisición da perforadora en ferretería O Sol, di que é unha resolución de Alcaldía onde non aparece nada do pleno.

Dona Beatriz Amenal, di que estaba no expediente que veu ver dona Raquel Sangiao.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do informe de Secretaría sobre a viaxe a Arxentina, cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di:

A pregunta formulada polo Sr. Pose Rodríguez foi a seguinte: “se a anulación dos billetes dunha viaxe que fixo a alcaldía, que era privada de particulares, foron pagados con cartos públicos. É posible?”

Resumidamente, parece ser que para esa viaxe que era a título particular, pero que se fai como Alcalde de Vedra para visitar unha colectividade de veciños de Vedra en



Arxentina polo cal poderíase considerar institucional, reserváronse 18 prazas para veciños de Vedra e Boqueixón tal e como ocorreu noutras ocasións.

Ao fin só viaxaron cinco (5) persoas, co cal o concello debeu facerse cargo das trece (13) reservas que non se cubriron e cuxo custe ascendeu a mil novecentos cincuenta (1.950) euros.

En función dos feitos expón o seguinte:

Comezando pola fin da pregunta sobre se é posible, xa que é obvio, debe contestarse que si é posible, dado que ocorreu.

No relativo ás consecuencias dos feitos, efectivamente se se ten a viaxe como unha actividade privada, non se están exercendo as competencias que teñen os concellos conforme ao artigo 25.2 da Lei 7/85 de 2 de abril das bases de réxime local; non obstante considera que don Carlos Martínez de forma particular viaxaba como Alcalde, que o é, do concello de Vedra para a visita que se pode considerar institucional a unha colectividade de veciños deste concello naquel país. En función do artigo 21.1.b da lei antes citada, unha das competencias do Alcalde é a de representar ao concello.

É certo que si utilizou para o pago das reservas uns fondos públicos, pero que non beneficiaron a ningún particular individualmente.

Por outra banda, intentando cualificar dalgún xeito os feitos, poderían considerarse no que sería unha subvención ao darse algúns dos requisitos que esixe o artigo 22 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións para as subvencións directas, pois podería encaixar nas de carácter excepcional, por razóns de interese público, social,... ou outras debidamente xustificadas. Así mesmo, dende logo, o Alcalde por suposto ten facultades decisorias, coas cales levou a cabo unha determinada actuación con consecuencias para a administración municipal.

Ante a posibilidade de que esa actuación puidese constituír unha prevaricación, a grandes trazos, dicir que para que isto se dea, non é suficiente que unha Resolución sexa contraria a dereito.

Dáse “cando a ilegalidade sexa evidente, patente, flagrante e clamorosa”, “groseira e arrepiante “ e fora cometida a sabendas, é dicir con dolo directo.

Tampouco debe ser confundida a ilegalidade administrativa co delito de prevaricación cuxa enumeración está na Lei de procedemento administrativo, en canto aos casos no que os actos das administracións son nulos de pleno dereito e que é cando os acusados obraran a ciencia e conciencia da arbitrariedade da súa actuación.

O delito de prevaricación administrativa do código penal ten como ben xurídico protexido, o bo funcionamento da administración conforme ás esixencias de pleno sometemento ao principio de legalidade e vedan toda posible arbitrariedade no exercicios das función públicas.

Deberá apreciarse cando os órganos administrativos diten a sabendas unha resolución arbitraria no asunto administrativo.

Por Resolución debe entenderse todo acto que comporta unha declaración de vontade de contido decisorio que afecte á órbita dos dereitos dos administrados.

O que en ningún modo pode dicir neste caso é que os actos constituían unha contradición insuperable e de grao notorio coa legalidade vixente, unha torcedura do dereito, unha flagrante inxustiza, unha decisión totalmente arbitraria e indigna, impropia da administración, nin unha situación próxima ao abuso do poder, que en definitiva é o que define o panorama xurídico propio do delito da prevaricación administrativa.

Tamén se podería pensar nun posible delito de malversación de caudais públicos, consistente en destinar a autoridade ou funcionario público “ a usos alleos á función pública, os caudais ou efectos postos ao seu cargo por razón das súas funcións”.





No presente caso e segundo o seu criterio, os feitos descritos non corresponden á conducta típica descrita no precepto penal conseqüente. É indubidable que o prezo das reservas que debía satisfacer cos fondos municipais era a contraprestación debida pola xestión dunha viaxe a unha axencia. Non se trataba pois, de ningún uso alleo á función pública.

Así pois e a xeito de conclusión, se a norma permite conceder unha subvención para sufragar os gastos destinados a facer unha viaxe de acompañamento institucional ao Sr. Alcalde por razóns sociais ou outras xustificadas, non debería existir impedimento en que sexa o Concello quen organice esa viaxe coa axencia de viaxes e que, en función diso, se teñan que asumir uns costes derivados de cancelacións ou anulacións, cuxo importe, neste caso é inferior a cinco mil euros (artigo 118-5 da Lei de contratos, Lei 9/2017), e non é preciso tramitar expediente . Considera pois, que a xestión realizada que supuxo un pago de 1.950€ por reserva de billetes non utilizados, foi froito dunha previsión incorrecta, feita de boa fe, xa que non se pode demostrar o contrario, e que no seu mesmo escrito presentado no Pleno o Sr. Alcalde declara que ese erro non volverá a cometerse.

Polo tanto, conclúese que foi unha xestión pouco afortunada pero sen transcendencia xurídica.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, solicita ese informe e di que o Secretario é o responsable de revisar e asinar as actas das sesións plenarias. A unha pregunta no pleno de hai dous meses pola viaxe a Arxentina, o Alcalde dixo que era a modo persoal, non como alcalde.

Pregúntalle ao Sr. Secretario se revisa as actas que asina, xa que resulta que o Alcalde en pleno responde que é unha viaxe de carácter persoal e o Sr. Secretario no seu informe di que vai como alcalde. Pregunta se ten o don da clarividencia sobre as intencións do Alcalde.

Entende que levan demasiado tempo como Secretario e Alcalde, respectivamente, pero o concello non lles pertence a ningún dos dous.

Solicita que revise a acta do pleno onde o Alcalde di que viaxa a título persoal e que volva redactar o informe.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que se quería facer o Sr. Pose o informe, non llo solicitara á Secretaría. O que di no seu informe non contradí o que dixo o Alcalde no seu momento. Que el saiba non é a primeira viaxe que se fai dende o concello a Arxentina, con independencia de quen pagase os billetes e tamén, que el saiba, o Alcalde ía visitar a colectividade de Vedra en Bos Aires, non como Carlos Martínez, simplemente, senón en representación do concello de Vedra. Cre que non ten sentido que unha persoa particular por medio do concello reserve billetes para xente de Vedra e Boqueixón se simplemente vai como Carlos Martínez. Cre que, como fixeron outros alcaldes, foi representar institucionalmente ao concello.

Asume o informe porque lle parece que é lóxico. Por outro lado, teríalle que demostrar que nas outras viaxes que foron do mesmo nivel, o alcalde correspondente foi simplemente como particular e alí non tivo relación ningunha cos colectivos de Vedra que teñen relación co concello.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, dille ao Secretario que é o notario do concello, e os notarios non son xuíces. A súa opinión non pode ser subxectiva, ten que ser obxectiva e non é unha cuestión do que pensa o Secretario, é unha cuestión de feitos. O propio





Alcalde di que vai a nivel persoal e o Secretario reméndao dicindo que vai como alcalde.

Pregunta en calidade de que foron as outras tres persoas particulares que tamén visitaron os colectivos de Vedra en Bos Aires e quen é o Secretario para dicir que vai como alcalde cando o propio Alcalde di que vai a nivel persoal. Cre que non pode plasmar nun informe a súa opinión, porque actúa como notario dos plenos e non pode xerar un informe con carácter subxectivo sobre algo que afirmou en Pleno o propio Alcalde e que o Secretario asinou.

Por último pregunta cando lle van enviar o informe ou se o ten que solicitar por escrito.

Intervén a Presidencia para dicirlle ao Sr. Pose Rodríguez que xa que lle gusta ter o informe, audios dos plenos, actas etcétera, tamén lle gustaría que remitise a onde sexa o audio coa súa resposta a esa pregunta, xa que ás veces tamén interpreta ao seu xeito o que el responde.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replica que como dixo o Secretario o audio non ten validez. O único que ten validez é a acta asinada, que é o que vai enviar xunto co informe.

O Sr. Secretario repítelle que o informe está asinado e rexistrado. O informe pode mandalo a fiscalía e facer con el o que queira, pero que as súas propias interpretacións non son subxectivas. A súa interpretación é que un informe dunha viaxe, que non era a primeira, dun Alcalde a Arxentina, a privacidade é no sentido de que paga do seu peto o billete. Non é unha viaxe oficial do concello, senón que é unha viaxe institucional, porque vai en calidade de Alcalde de Vedra. Supón que o Alcalde de Boqueixón iría na mesma calidade. Cando viaxaron os alcaldes a Arxentina, fixérono en calidade de alcaldes, pagando do seu peto o billete ou con subvención, pero era unha viaxe institucional porque ían visitar aos colectivos de Vedra en Bos Aires.

Parécelle ben que o Alcalde diga que viaxou como particular se paga o billete do seu peto, pero iso non quere dicir que non teña unha representación institucional.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, espera que este pleno quede correctamente reflectido na acta da sesión. Engade que non ten ningún problema persoal co Secretario, senón que é só un problema laboral e quere deixar claro que calquera acción que cometa ten que ver co traballo desenvolvido, non coa persoa.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que está de acordo ao cento por cento nesa última cuestión. Di que ten capacidade de interpretación e responsabilidade sobre o que informa. Se presenta outros argumentos e o Alcalde di que ten que xerar outro informe, ao mellor ten que facer algunha variación no informe, pero de momento o que existe é este.

2º.- Sobre o viveiro dixital de empresas e o comercio on line, di que xa está en marcha.

3º.- Ás preguntas relacionadas co CPI de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que as propostas foron trasladadas ao consello escolar.

A resposta tanto por parte do profesorado representado no consello, como do alumnado foi que non vían a necesidade de cambiar a plataforma que empregaban.



Tamén lles foi trasladada a proposta de organizar unha formación para que as familias manexasen as plataformas que usan na teleformación, ben dende o concello ou dende outras canles que ten a administración.

Respecto á outra proposta, di que no momento en que teñan concretados os protocolos de actuación que marquen as pautas de obrigado cumprimento, valorarán xunto cos técnicos e a comunidade educativa calquera decisión a tomar.

4º.- Sobre o centro de día di que se valorará xa no próximo pleno.

5º.- Respecto do colexio de San Miguel, a Presidencia di que esa idea partiu do equipo de goberno, logo de ter unha xuntanza social para saber a opinión da parroquia respecto a este tema. Os veciños valóranos de xeito positivo e nestes días faláron con Lata e mostrou disposición para estudar a viabilidade da proposta.

Para a vindeira semana os respectivos equipos técnicos terán unha xuntanza de traballo para ir valorando os custes globais. O equipo de goberno está moi interesado no proxecto porque suporía resolver un problema histórico da parroquia.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que na próxima reunión cos veciños deberían invitar ao equipo docente da escola.

-- Ás preguntas de Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao despregue da fibra óptica nos núcleos do concello que non teñen teléfono fixo, di que contactou co departamento de enxeñería que é o que coordina ese despregue técnico e o venres teñen unha videoconferencia para formular eses temas e outras que foron xurdindo.

#### **6º.- Rogos e preguntas.**

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto da viaxe do Alcalde a Arxentina, di que o Sr. Alcalde sempre foi de xeito particular, pero esta viaxe saíu moi cara e contradinse.

2º.- Nas Xuntas de Goberno Locais as relacións de facturas veñen agora nun anexo, non sabe se é para dificultar o seguimento da oposición das mesmas, que é de difícil lectura. Roga que se cambie ese sistema e que se facilite o seguimento das relacións de facturas.

3º.- De cara á reapertura das pistas polideportivas, roga que previamente se faga unha posta a punto das mesmas.

4º.- Roga que se estenda ás traballadoras da gardería a enquisa que se lles fixo ás do SAF, para saber o grao de satisfacción coa empresa.

5º.- Nunha xunta de portavoces, a Presidencia dixo que ía externalizar o servizo de limpeza. Pregunta que tipo de procedemento se vai seguir, e comunícalle que o seu grupo non está de acordo.



6º.- Pregunta que foi o que aconteceu en Vilanova cuns veciños a raíz dunhas choivas fortes.

7º.- Pregunta cal foi o gasto en electricidade da depuradora de San Xián no ano 2019.

8º.- Pregunta que foi o que pasou coa moción do IBI que presentou o PSdeG-PSOE o 11/03/2020, porque non contestou o equipo de goberno, e se teñen que volver presentala.

A Presidencia di que fixeron a consulta á Deputación e aínda non contestaron.

9º.- Respecto da compra en Droguería El Sol, que poñía no expediente que se daría conta no seguinte pleno, a Presidencia di que se fixo por Resolución da Alcaldía. Pregunta se coñece as limitacións que supón a relación de parentesco que ten o Alcalde con esa empresa.

A Presidencia responde que está vendo a Resolución e non ve iso.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que as Resolucións de Alcaldía van ás Xuntas de Goberno Local, e como as actas das Xuntas de Goberno van ao pleno, é a maneira de que todas as resolucións se dean conta en pleno, por medio das actas das Xuntas de Goberno. Todas van ás Xuntas de Goberno a efectos de que se informen todos os membros da corporación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, reitera a pregunta de se ten coñecemento das limitacións que ten para facer compras nese establecemento dada a relación de parentesco directo.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Sobre o servizo de limpeza di que hai concellos que o consideran un servizo crítico, e desta maneira non tiveron problemas para a realizacións de contratacións públicas. En todo caso, se o grupo de goberno quere facer ese tipo de contratación (facelo externo) roga que o faga por un período curto.

Por todo iso, solicita que primeiro analicen se poden ou non poden facelo. Segundo, que de ter que facelo, que sexa polo período máis curto posible de tempo, a poder ser un ano, xa que se vai tomar a lei Montoro.

Tamén solicita que analicen a posibilidade de incluír o servizo de limpeza como un servizo crítico en tempos de crise sanitaria, xunto co de protección civil; tendo en conta que foi un servizo no que as traballadoras nunca deron ningún tipo de problema. Son dúas ou tres traballadoras con contratos municipais, e no caso de que haxa xubilacións, realicen dúas novas contratacións públicas e eviten facer externo o servizo.

O feito de facelo externo unicamente achega precariedade ás traballadoras e entrar na dinámica de sacar concursos cada dous anos con traballos precarios.

Por último sinala que o servizo custará o mesmo.

2º.- Solicita que se non aparecen novas que modifiquen a xestión das piscinas este verán, que teñan en conta o peche definitivo da piscina municipal este verán e con eses cartos se destinen a habilitar as zonas de Cubelas, Agronovo e Ponte de Sarandón como praias municipais fluviais e se contraten os servizos de salvamento correspondentes, acondicionen espazos, aparcadoiros, etcétera.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- En canto á escola en liña para as familias, pregunta cal foi a resposta que deron ou se só se lle trasladou. Ela falou con mestres que lle comentaron outra cousa e quizais non están representados nese órgano.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que lle trasladaron a proposta e a comunidade educativa será a que tome a decisión entre as varias opcións que se ofreceron.

2º.- Solicita a apertura e actualización da Aula Cemit ou telecentro para poder realizar distintos cursos para desempregados e para persoas que queiran obter outros recoñecementos profesionais, que nesta época son moi necesarios.

3º.- Solicita que se repoña un espello que leva arrancado moito tempo na aldea de Fraiz, na parroquia de Merín.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.